



Ilustre Colegio Oficial de Veterinarios
Ourense

Sr. D. Alfonso Sánchez Izquierdo

Director Xeral da Compañía Radio Televisión de Galicia

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Moi señor mío:

O motivo desta comunicación e facerlles chegar una queixa formal polo tratamento que se lle deu a profesión Veterinaria, no programa “Malicia Noticias” emitido o pasado día once de maio, onde ser verteron opinións nada afortunadas para a nosa profesión, polos responsables do mesmo.

O primeiro que queremos transmitirle e que, independentemente do perfil do programa, o tratamento da información respecto o Coronavirus e o ofrecemento que se fixo dende a profesión veterinaria, requiría, sobre todo, sensibilidade, respecto e seriedade, xa que mais de 26000 cidadáns españoles, morreron por culpa do COVID19.

En segundo lugar, non debemos entrar na producción e documentación das noticias, xa que evidentemente, non temos a formación necesaria para opinar sobre as mesmas, pero si que debemos pretender que cando se fale do que sabemos, e para o que estamos capacitados, se faga con rigorosidade, incluso nos programas de este tipo.

Os veterinarios, temos formación sanitaria. Mais do 70% das novas enfermidades que se detectan no mundo, son zoonóticas, é dicir, pasan dos animais o ser humano. Moitas de estas patoloxías infecciosas, son paradas en orixe, gracias precisamente a profesión veterinaria, e algún destes profesionais padeceron enfermidades de orixe animal, impedindo que pasaran a poboación en xeral, como por exemplo foi a brucelose, e a tuberculose, que gracias precisamente a nosa profesión, están praticamente erradicadas en Galicia.

Fai, vinte anos, a profesión Veterinaria, freou a expansión da Encefalopatía Esponxiforme Bovina, enfermidade mortal nos seres humanos, e que creou una alarma social sen precedentes en Galicia, en España e en Europa.

O COVID19, segundo os datos aportados pola OMS, tivo orixe animal, e pasou o ser humano, precisamente por falta de salubridade e hixiene nos mercados chineses. Os veterinarios, traballan en Sanidade Animal, en Saúde Pública, en Medio Ambiente, en Pesca, no Exército, en Clínicas, en Universidades, en Empresas, en Laboratorios... e son os responsables de evitar que cheguen a poboación en xeral, grande cantidade de patoloxías, graves, e mortais moitas delas, como por exemplo a rabia, a hidatidosis, a triquinosis... e tamén o Coronavirus, o que nos enfrentamos



Ilustre Colegio Oficial de Veterinarios
Ourense

dende hai anos, nas súas distintas cepas que infectan a grande número de especies animais, e que ata degora, sempre se controlou.

Estamos no medio rural, nas cidades, no mar, nos laboratorios, nos centros de decisión epidemiolóxica..., en Illas Feroe ou en Alemaña, a loita contra o Coronavirus, é dirixida por Veterinarios, con seriedade e criterio. Os Clínicos de campo, as Clínicas Veterinarias, son, dende a nosa humilde opinión, centros sanitarios, que cando sospeitan ou detectan unha enfermidade de declaración obligatoria, teñen que comunicalo as autoridades sanitarias, e así o fan.

Na produción animal, somos os garantes de que cheguen alimentos de calidade o mercado, e precisamente, unha vez alí chegan, inspeccionase novamente para incidir na seguridade alimentaria, e que os brotes zoonósicos, sexan minimizados. En resumen, non podemos estar de acordo co tratamento que se lle deu a nosa profesión no programa, non estamos de acordo que fora precisamente nun ente público, xa que é responsabilidade de todos, tamén dos medios, transmitir unha información veraz e contrastada para non xerar confusión entre a cidadanía, o que non ten porque estar confrontado co humor, xa que ambas cousas, son complementarias.

E para finalizar, lémbrolle as verbas de Louis Pasteur, “*a medicina cura o home a persoa, a medicina veterinaria cura a humanidade*”.

Atentamente,

Juan José Gómez Fernández

Presidente do Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense

ASDO DIXITALMENTE

GOMEZ
FERNANDEZ
JUAN JOSE

Firmado digitalmente
por GOMEZ
FERNANDEZ JUAN
JOSE
Fecha: 2020.05.13
19:52:37 +02'00'